

Xunta de Persoal da provincia de Lugo do 26/09/18

Organizacións presentes: STEG, CIG, UXT, CC OO, CSIF e ANPE

- 1) Lectura e aprobación da acta anterior.
- 2) Cambio na presidencia da Xunta de Persoal
- 3) Problemáticas principio de curso
- 4) Rogos e Preguntas.

- 1) Dase lectura á acta anterior e aprobase.
- 2) Antón comunica a súa xubilación con data de 31 de agosto e pasa a levala Mariño, tamén da CIG.
- 3) O STEG da conta de varias problemáticas das que ten coñecemento neste comezo de curso. Así:

- **CEIP Paradai**, para comentar as dificultades atopadas neste comezo de curso, xa que se matricularon 10 nenos/as en educación primaria con total descoñecemento das linguas oficiais do estado, con todas as dificultades que isto entraña. Así mesmo na aula de tres anos temos unha porcentaxe de alumnado estranxeiro ou pertencente a unha minoría étnica dun 93% .Tendo en conta a problemática deste centro necesitamos un profesor a maiores de pedagogía terapéutica (xa solicitado ó inspector de zona)

- **CPI Pedrafita, IES Basanta Silva, IES Lucus Augusti e IES Nosa Señora dos Ollos Grandes**, para comentar as graves incidencias de comedor na provincia asociadas á empresa GESCOR. Está atendendo a un importante número de centros na provincia.

-**Ceip Veleiro Docampo**: trasládase a problemática da ausencia de equipos informáticos, habendo ata 4 pizarras dixitais que non poden ser usadas polo alumnado.

-Coméntase tamén a problemática dun docente con comisión de servizos, ao que se lle retirou por erro a praza na resolución definitiva e se lle adxudicou un destino a máis de 100 quilómetros do seu domicilio. O STEG está actuando en distintas vías, pero entende que esta situación debe ser solventada.

-O STEG pregunta polo recoñecemento de difícil desempeño á labor de docentes que teñan máis centros compartidos, sendo o segundo o centro o que está catalogado como tal. A Presidencia da Xunta de Persoal informa que xa se elevou escrito na anterior xuntanza, non só no caso concreto das EPAPU e cárceres, senón en todos os centros catalogados como de difícil desempeño en que se dea esta circunstancia.

A CIG fala de media praza de Inglés do CEE Infanta Elena de Monforte.

A CIG comenta tamén a vacante de conserxería do IES Gregorio Fernández (no seu momento tivo 3, a partires do ano pasado pola ratio do alumnado, perdeu 1 pero como teñen quenda de mañá e tarde, recae no profesorado as tarefas propias desta figura)

No IES Lama das Quendas, coméntanse problemas cunha praza de Grego.

No CPI de Navia, cunha praza de Física e Química; coméntase que se pediu mal a afín. O que acontece é que neste caso esa praza non a carga o centro, cárgaa a propia Consellería, o centro non pode facer nada aí.

O STEG interésase finalmente por coñecer a opinión da Xefa Territorial en relación á redución de xornada a unha traballadora, que o STEG defendía e que a Xefatura denegou no seu día, sendo finalmente desautorizada dende Compostela, que coa concesión da mesma lle viña a dar a razón ao noso sindicato e á demanda da traballadora.

Acórdase facer NOTA DE PRENSA coas problemáticas comentadas así como elevar un ESCRITO á Xefatura Territorial coas problemáticas de comezo de curso, solicitando ao tempo unha reunión á maior brevidade coa Xefatura de Inspección e coa titular da Xefatura Territorial.

Sen máis temas que tratar, péchase a xuntanza ás 11, 50 h.